



CLUB PEÑA
TREVINCA
DENDE 1944



CONCELLO
DE VIGO



Universida de Vigo

Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático *Cidade de Vigo*



CLUB PEÑA
TREVINCA
DENDE 1944



CONCELLO
DE VIGO



Universida de Vigo

19 20 21 marzo
20:00 h
AUDITORIO DO CONCELLO DE VIGO
Praza do Rei, 1



NUNCA HAY QUE RENDIRSE

Presenta: Armando Álvarez
Periodista de Faro de Vigo

Invitado: **Carlos Soria**
Alpinista e escalador

MARTES 19

Alpinista de enorme traxectoria que xa nos anos setenta formou parte das primeiras expedicións españolas ao Himalaia. Ascendeu con éxito doce oitomiles, ingresou na **Real Orde do Mérito Deportivo** e obtivo a Medalla de Prata ao Mérito Deportivo do CSD.

Carlos, a través dun documental, faranos viaxar ao longo da súa impresionante vida na alta montaña, desde os seus inicios con 15 anos ata o día de hoxe, onde permanece perenne o espírito da súa xuventude.



CULTIVANDO COLAPSOS

Presenta: Juan J. Hermida
Director do IEM

Invitado: **Joaquín Araújo**
Documentalista e escritor

MÉRCORES 20

Naturalista, director e guionista de 340 programas e documentais de televisión. Leva 46 temporadas consecutivas colaborando con RTVE. O seu labor ambiental foi recoñecido co **Premio Global 500 da ONU**. Impartiu case 2.500 conferencias nacionais e internacionais, e é o único español galardoado dúas veces co Premio Nacional de Medio Ambiente. Xa leva plantadas unhas 26.500 árbores e no seu relatorio fará un repaso sobre a importancia para a vida da auga e dos bosques, poñendo énfase no colapso hídrico que poderíamos padecer de non mudar os nosos hábitos.



CAMBIO CLIMÁTICO, DESAFÍO Y OPORTUNIDAD

Presenta: Emilio Fernández
Catedrático en Ecoloxía da UVigo

Invitada: **M^a José Sanz**
Doutora en Bioloxía
Directora científica do BC3

XOVES 21

Membro da delegación española no Panel Intergubernamental entre 2001 e 2006 para o Cambio Climático (IPCC), como integrante do cal recibiu o **Premio Nobel da Paz** en 2007. Desde o pasado 2023 volve representar a España nos cumios do clima na mesa do IPCC. Durante a súa charla trataremos de ver o momento actual como unha oportunidade para avanzar cara á neutralidade climática nun futuro próximo. A mitigación dos efectos do cambio climático, a adaptación e a transición xusta serán os piares fundamentais que se abordarán nesta xornada.